

BANDO DA ALCALDÍA

NO DÍA DE GALICIA / DA PATRIA GALEGA

Galicia, esta realidade xeográfica que nos acolle e na que vivimos sen ás veces valorala debidamente, é moito máis que un territorio. É unha entidade que reúne moitas máis características que nos definen a todos nós. Galicia é unha unidade perfectamente ensablada de territorio, cultura, lingua de seu, pero tamén unha realidade económica que se asenta en tres pés: o agro, o mar e as modernas industrias de transformación que dinamizan a vida do pobo galego.

Esa conxunción de valores deron pé á denominación de nacionalidade que a Constitución española e o Estatuto de Autonomía recoñecen. Esta identidade nacional foi expresada moitos anos atrás, por organismos internacionais.

Para conseguirmos esa cohesión social e cultural que nos define como unha identidade nacional, cómpre que todos os galegos participemos nesa tarefa común. O Día de Galicia/Día da Patria Galega é unha data sinalada no calendario. Unha efeméride dedicada á reflexión colectiva con vocación de convivencia fraterna arredor dos valores comúns que nos unen.

Cómpre que todos os galegos e galegas participemos ese día do orgullo patrio, participando en cantos actos se convoquen para galvanizar a nosa unidade, salientando a importancia que ten que teñamos un patrimonio cultural que todos debemos facer noso e defender a un tempo. A lingua é, sen dúbida, o valor máis senlleiros. Ela é a que nos define como un pobo singular e nos une a un pasado, á nosa historia, que foi a que nos legou unha tradición cultural ateigada de matices. A defensa dese patrimonio faranos máis donos de noso, aportándoos á humanidade da que formamos parte coa nosa idiosincrasia particular. A humanidade é polícroma, esta formada por culturas e linguas distinta. E nós estamos nel coa nosa.

O Concello de Mondariz-Balneario chama a todos os veciños/as a participaren o sábado 24 de xullo, coma antesala o gran día de Galicia, nas celebracións familiares, que son as células básicas do noso pobo, reafirmando o orgullo da nosa pertenza a un pobo no que o Balneario de Mondariz foi escenario de moitos actos protagonizados polos galeguistas máis senlleiros da nosa historia.

Brindemos neste día con viños e produtos galegos, etiquetados na nosa lingua. Poñamos nos balcóns e fiestras a bandeira galega como manifestación pública dese amor que debemos ter pola nosa Terra.

Fagamos nosos os pensamentos do poeta Ramón Cabanillas, que foi concelleiro da nosa corporación municipal e parte integrante daquela xeración de intelectuais que tiveron acubillo naquel espléndido Balneario capitaneado polo noso egrexio veciño e valedor, don Enrique Peinador Lines. Decía Ramón Cabanillas: “Galicia Nai e Señora, /*sempre* garimosa e forte/preto e lonxe, onte, *agora*, mañán... na vida e na morte! “

20 de xullo de 2021

Asinado: José Antonio Lorenzo. Alcalde